



Resumen

Suma suplementos de crédito COVID -19; 6.000,00€

Suma créditos extraordinarios COVID-19; 10.216,14€

Recursos utilizados

Remanente tesorería. Subconcepto 870.

Contra dicho acuerdo los interesados podrán interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses computados de fecha a fecha, a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP.

No obstante lo anterior, de conformidad con el establecido en la disposición adicional 4ª del Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, durante lo estado de alarma no se iniciará el cómputo de los plazos indicados, que por consiguiente deberán contarse a partir del día siguiente al de la finalización del dicho estado.

Muiños, mayo 2020. El alcalde.

Fdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

R. 896

Ramirás

Logo de aprobar por Resolución da Alcaldía, a contratación das prazas que se achegan a continuación, en réxime laboral temporal, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Ourense.

Bases de selección para a contratación laboral temporal, a xornada completa, dun operario de servizos varios para mantemento de infraestruturas e creación de bolsa de traballo.

Primeira. Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases a regulación do procedemento de selección para contratar un traballador, coa categoría de operario de servizos varios dentro do Programa de empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense

Segunda. Natureza do contrato

A natureza do contrato será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato e por un período de seis meses. Os primeiros quince días serán o período de proba. O salario é de 1.108,33 € mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extras.

Terceira. Réxime xurídico da convocatoria

A relación rexerá pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e especialmente ás locais.

Cuarta. Funcións

1.- Limpeza, mantemento e reparacións de todo tipo de espazos públicos e edificios municipais, entre eles o cemiterio, dependencias municipais, vías públicas, escolas, polideportivo e demais edificios municipais.

2.- Control e mantemento de chaves, ferramentas, máquinas e vehículos que se encontren nas dependencias municipais.

3.- Colaboración en traballos relacionados con festas, actividades culturais e deportivas e outros traballos afíns que lle sexan encomendados pola Corporación municipal e sexan necesarias por razón de servizo.

5.- Control, limpeza, reparacións e mantemento de diversos servizos.

6.- Colaboración en todo tipo de obras e instalacións municipais que lles sexan encomendadas pola Alcaldía conforme coa súa categoría profesional tanto en investimento novo e de reposición como de reparacións, mantemento e conservación.

7.- Entrega e recollida de ferramentas municipais e control de determinados traballos, baixo as ordes do alcalde, das brigadas de traballadores temporais do concello.

8.- Coidado de xardíns e zonas de lecer así como o seu acondicionamento con manexo do material necesario para o desempeño de tales funcións.

9.- Rozas e mantemento das marxes da rede viaria e camiños en xeral empregando o tractor rozadora do Concello de Ramirás.

10.- A prestación de calquera outro servizo propio da súa función e que lle sexa encomendado polo concello e para o que reciba a instrución correspondente.

11.- Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

Quinto. Requisitos para concorrer

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Nacionalidade:

- Ter nacionalidade española

- Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea

- Ser nacional dalgún estado no que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus cónxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- Ter residencia legal en España e sen limitacións para o emprego, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

Idade: ser maior de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.

Incompatibilidade: non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Habilitación: non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. En caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Titulacións: estar en posesión das seguintes titulacións:

- Non se esixe requisito de titulación.

- Permiso de conducir clase B. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

- Posuír coñecementos básicos de galego.

Sexta. Documentación para presentar e prazo

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes, interesados no posto de traballo, deberán cubrir a solicitude que se lles facilitará nas oficinas do Concello de Ramirás. A dita solici-



tude dirixiráselle ao alcalde e presentárase no rexistro xeral do concello onde queren prestar servizo ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación para incluír será a mesma que se se presentase a solicitude no rexistro xeral do concello. Non obstante, de non presentarse no rexistro xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan por fax ao concello, avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto coa instancia, deberá achegarse a seguinte documentación:

Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso os postos. No seu defecto, e de ser o caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso. Fotocopia compulsada do permiso de circulación esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.

Declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións para levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar.

Relación de méritos que alega e documentación xustificativa orixinal ou debidamente compulsada de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Sétima. Sistema de selección

A selección realizarase de conformidade co previsto nestas bases polo sistema de concurso de méritos, e entre os candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

1.-Experiencia profesional: (puntuación máxima 5,00 puntos)
a) Por cada mes de traballo en postos idénticos ou similares á praza á que se opta nos últimos cinco anos: 0,10 puntos/mes.

Soamente se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados. A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada de informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.-Formación previa: (puntuación máxima 2,00 puntos)

Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionados coas funcións propias do posto de traballo:

- Cursos de ata 20 horas: 0,05 puntos.

- Cursos de 21 a 50 horas: 0,10 puntos.

- Cursos de máis de 51 horas: 0,20 puntos.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas do curso, entenderase que ten unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,05 puntos. Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación. Unicamente se atenderán os cursos acreditados segundo o exposto, non valorándose xornadas, conferencias, seminarios...

3.-Coñecemento da lingua galega: (puntuación máxima 0,40 puntos) Computarase unicamente o grao superior alegado.

-Curso de iniciación ao galego ou Celga 2: 0,20

-Curso de iniciación ao galego ou Celga 3: 0,40

4.- Exame de coñecemento do medio: máximo 2,00 puntos

Realizarase un exame de coñecemento do medio para a avaliación de coñecementos e valoración da idoneidade para o posto de traballo. Valorarase especialmente o coñecemento do termo municipal.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test.

O exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.

Á finalización da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das 48 horas seguintes publicarase o contido do exercicio e o persoal coas respostas correctas no mesmo lugar no que se realizou e na páxina web do Concello de Ramirás.

Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para alcanzar esta puntuación mínima, para o que se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha correcta.

5.- Proba práctica (puntuación máxima 4 puntos): consistirá na execución dunha actividade específica relacionada coas funcións para realizar no posto de traballo: albanelería, mantemento de edificios, roza empregando o tractor do concello, electricidade básica, redes de auga potable e rede de sumidoiros, xardinería, limpeza viaria, cemiterio, manexo de ferramentas. A comisión de selección explicará suficientemente esta proba, con anterioridade ao seu inicio, quen ademais sinalará o tempo máximo para a súa realización. Esta proba, que poderá constar de varias partes, e cualificarase de cero a dez puntos,



sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

6.- Posuír un carné de conducir superior ao de clase B1: 2 puntos.

No suposto de empate entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida pola orde de preferencia no baremo de méritos (1º experiencia profesional, 2º formación, 3º coñecemento de galego), e de persistir o empate resolverase mediante sorteo.

Oitava. Tribunais de selección

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario e os seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo alcalde do concello e publicados os seus nomes no taboleiro de anuncios. Todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Segundo o recollido no art. 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirirles aos membros deste, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas neste parágrafo. O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Novena. Procedemento de selección.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios de cada concello, concedéndose un prazo de tres días hábiles contados dende o mesmo día ao da publicación da lista, para reclamacións, corrección de erros ou emendas que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así

mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador.

No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación de novo da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Por resolución da Alcaldía determinarase o lugar, data e hora de realización do exame tipo test, que será publicada no taboleiro de edictos da casa do concello e na páxina web. Os aspirantes serán así convocados para a realización do exame tipo test en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O tribunal procederá á realización do exame tipo test, e en segundo lugar procederase á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos, será necesario que se presenten documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto a este procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do concello. A información de carácter persoal contida nas notificacións será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia pola que solicitan tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais. Para o caso de empate na puntuación final, daráselle preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persistir o empate, á persoa que leve máis tempo empadroadada no concello.

O tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes para contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

Décima. Proposta e nomeamento

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello.

Undécima. Formación de bolsa de traballo

Entre os candidatos admitidos e non seleccionados farase unha bolsa de traballo ordenada pola puntuación obtida para a cobertura de vacantes que se produzan neste postos de traballo e coa mesma duración que o contrato de traballo, por causa dalgunha das seguintes circunstancias:

- baixa por IT
- non superación do período de proba
- resolución do contrato
- outras causas semellantes xustificadas.

11.1.Procedemento de chamamento

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva. As persoas candidatas relacionadas na bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación, excepto o establecido nestas bases. Logo da resolución da Alcaldía que xustifique a necesidade de contratación de persoal, o chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as

seguintes fórmulas: 1ª e 2ª chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas. 3ª chamada telefónica entre a 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil. A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes facilitasen nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar unha orde de preferencia. Establecido o contacto telefónico, o interesado dispón de 24 horas para aceptar o chamamento. Logo de transcorrer o devandito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase desistido e pasará ao último lugar da lista. En caso de urxente necesidade, as tres chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento.

Para os efectos de establecer a comunicación, e en ausencia do propio interesado no número ou números de contacto, será suficiente para entender realizado o contacto telefónico deixar recado en contestador automático ou caixa de correo de voz, dispoñendo o interesado de 48 horas para aceptar ou renunciar. No caso de que non conteste ás chamadas telefónicas nin teña gravador de mensaxes, enviaráselle a comunicación vía papel ao domicilio indicado e a non recepción da comunicación, equivale á renuncia do candidato. Logo de transcorridos os prazos ou se non é posible a comunicación, segundo as indicacións, pasarán ao último lugar da lista e chamarase ao seguinte aspirante. No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu e outras comunicacións. Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar á exclusión da bolsa. Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase á súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista.

As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela, unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación. No caso de que algún integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

11.2. Renuncia e suspensión de chamamentos

No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar a traballar no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo.

- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa e debendo achegar documentación acreditativa da situación.

- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión do documento

que acredite a xustificación das devanditas causas, supoñerá a cualificación de rexeitamento inxustificado e pasar ao final da lista. A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando a fin da causa que motivou a suspensión. Para tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

11.3. Exclusión.

Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.

- Non presentación dentro do prazo fixado da aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.

- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.

- Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.

- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.

- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

Duodécima. Incidencias

Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

Ramirás, A alcaldesa.

Asdo.: Isabel Gil Álvarez.

Después de aprobar por Resolución de la Alcaldía, la contratación de las plazas que se adjuntan a continuación, en régimen laboral temporal, se abre el plazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles contado desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP de Ourense.

Bases de selección para la contratación laboral temporal, a jornada completa, de un operario de servicios varios para mantenimiento de infraestructuras y creación de bolsa de trabajo.

Primera. Objeto de la convocatoria

Constituye el objeto de las presentes bases la regulación del procedimiento de selección para contratar a un trabajador, con la categoría de operario de servicios varios dentro del Programa de empleabilidad de la Diputación Provincial de Ourense.

Segunda. Naturaleza del contrato

La naturaleza del contrato será laboral temporal al amparo de la legislación vigente, iniciándose la prestación desde la fecha de la firma del contrato y por un periodo de seis meses. Los primeros quince días serán el período de prueba. El salario será de 1.108,33 € mensuales, incluida la parte proporcional de las pagas extras.

Tercera. Régimen jurídico de la convocatoria

La relación se regirá por la legislación laboral siendo de aplicación principalmente el Real Decreto 2720/1998, del 18 de diciembre por el que se desarrolla el artículo 15 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores en materia de contratos de duración determinada, sin perjuicio de las normas administrativas que sean de